





Reclamante: 
Expediente. Nº **RSCTG 84/2022**

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia.

Vista a reclamación presentada por  mediante escrito do 18 de abril de 2022, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 31 de maio de 2022, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro.  presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 18 de abril de 2022, un escrito de reclamación contra a falla de contestación a unha queixa presentada no Concello de Concello de Xinzo da Limia sobre ameazas dende un medio de comunicación.

Segundo. Con data do 5 de maio de 2022 e dado que no escrito de reclamación ante esta Comisión, non se identifica o obxecto da mesma, isto é, a solicitude de acceso á información presentada e o órgano/s da administración ao/s ante o que a presentou, e da/as que ben non obtivo resposta, ou téndoa, no a considera satisfactoria, requiríuselle para que no prazo de dez días aclarase o acto administrativo concreto (resolución expresa ou falla de contestación a solicitude de acceso á información) contra o que presenta reclamación.

Transcorrido o dito prazo, o reclamante non presentou documentación ou aclaración algunha.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante *o Consello de Transparencia e Bo Goberno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades

autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Análise do expediente.

O artigo 68.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro de procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas establece que se a solicitude de iniciación non reúne os requisitos esixidos pola lexislación aplicable, requirirase ao interesado para que, nun prazo de dez días, emende a falta ou acompañe os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixese, teráselle por desistido da súa petición, previa resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 21. De acordo co anterior, dado que o interesado non achegou en prazo a documentación que se lle requiriu, procede o arquivo da reclamación por desistencia.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, e en virtude da delegación de competencias outorgada pola Comisión de Transparencia de Galicia en sesión do 28 de setembro de 2018 (DOG nº 193 do 9 de outubro), a Presidenta da Comisión da Transparencia

ACORDA

Único: Arquivar, por inactividade do interesado, a reclamación presentada por [REDACTED] con data do 18 de abril de 2022 (nº rexistro entrada 4151/22).

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no

artigo 10.1 da Lei 78/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, na data da sinatura.

Firmado digitalmente por 76706870F MARIA
DOLORES FERNANDEZ (R: S6500009C)
Fecha: 2022.06.28 13:27:46 +02'00'

María Dolores Fernández Galiño
Presidenta da Comisión da Transparencia.